

Decreto da Alcaldía-Presidencia

Expediente decreto: 2025/G003/000186

Tramitado polo Concello expediente de baixa de oficio segundo o establecido no artigo 71.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, de aprobación do regulamento de poboación e demarcación territorial, e vista a Resolución de data 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do INE e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local (BOE núm. 122 do 02/05/2020). Chegado o expediente á Sección Provincial de A Coruña do Consello de Empadramento, aos efectos de informe.

Recibido o informe favorable, de data 28/02/2025, da Sección Provincial da Coruña do Consello de Empadramento (dos acordos adoptados na sesión do día 27/02/2025), entrada neste concello o día 03/03/2025 (registro de entrada núm. 32590000000529), que se achega ó expediente.

De acordo coa atribución conferida no art. 54.1 do Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, e o artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

Resolvo:

Primeiro.- Aprobar as seguintes baixas de oficio no padrón de habitantes por inscrición indebida:

NOME E APELIDOS	DOCUMENTO IDENTIDADE	NÚM. EXPEDIENTE
ANTONIO MANUEL DA FONSECA LOPES	****0816*	2025/H003/0000233

- Segundo.-** Notificar a presente resolución ás persoas interesadas.
Terceiro.- Publicar o presente decreto no taboleiro de edictos do Concello.
Quarto.- Dar conta ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Alcalde
Juan Manuel Rodríguez García

Ante mín, O Secretario
Raúl Martínez Martínez